



Boletín de Medio Ambiente



A importancia da reciclaxe

Latas: As latas de conserva e as de refrescos están fabricados con aluminio, un material que se recicla ao 100% e de forma ilimitada. Nas plantas de reciclaxe, acaban convertidas en grandes bobinas de aluminio, listas para converterse en latas novas.

Vidro: O vidro limpo de impurezas se tritura e sepárase por cores, de aí obtense ó calcín, a materia prima coa que se elabora o vidro, este fúndese a altas temperaturas e moldéase para dar lugar a unha botella nova. Tambien é un material que se recicla ao 100% e de forma ilimitada.

Papel: Co papel reciclado fanse moitos produtos, novos como oxeiras, papel hixiénico ou xornais. Ou tamén reciclados, por exemplo: oito caixas de cereais, poden acabar transformadas nun libro, mentres que de seis briks de leite reciclados pode saír unha caixa de zapatos.

Noticias

Galicia terá 18 parques eólicos máis antes de dous anos

Galicia terá o 30 de decembro do 2019 dezaoto novos parques eólicos. Así o confirmou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, durante a súa visita a Malpica para inaugurar a modernizada instalación de punta Nariga.

“Lestes parques xerarán máis de 400 megawatts instalados na comunidade [...]. Isto suporá a creación de 6.000 postos de traballo na construción e execución destes parques” explicou o presidente da Xunta.

Fonte: La Voz de Galicia

Primeiro plan de economía circular de España

O Goberno ten lista a súa primeira Estratexia de Economía Circular, que busca mellorar o aproveitamento dos recursos para reducir o uso de materias primas.

Estas son algunhas das actuacións contempladas: reutilización de augas residuais -principalmente para a agricultura- que xa están contempladas nos plans hidrolóxicos; unha fiscalidade en materia de residuos ordenada, coordinada e harmonizada coas comunidades; actualización de varias normas, como o real decreto sobre os residuos de construción e demolición; proxectos de recollida de lixo mariño ou loitar contra a obsolescencia programada.

Fonte: El País

O 16% das especies son potencialmente exóticas

Segundo un estudo internacional publicado na revista especializada PNAS (Proceedings of the National Academy of Sciences), a cantidade de especies exóticas invasoras continúa crescendo, especialmente en rexións do mundo con economías grandes e en crecemento.

O estudo analizou unha base de datos global de 45.984 rexistros que detalla as primeiras invasións de 16.019 especies exóticas establecidas desde 1500 ata 2005 para investigar a dinámica de como as especies exóticas se diseminan por todo o mundo. Entre 2000 e 2005, unha cuarta parte dos rexistros corresponden a especies que non se atoparon anteriormente en ningún lugar como exóticas, o que supón unha proporción preocupantemente alta. Os insectos, moluscos e outros invertebrados teñen a maior proporción de especies exóticas emerxentes.

Segundo o equipo investigador, ata un 16% de todas as especies na Terra poderían clasificarse como posibles especies exóticas e, no caso de que invadan novas rexións, os impactos serán difíciles de predicir.

Fonte: ABC

Así nace un polbo

O acuario de Virginia Beach, en Estados Unidos, colgou na súa conta de Twitter o pasado 7 de febreiro un vídeo dun grupo de ovos de polbo a piques de eclosionar.

O vídeo, que apenas dura 10 segundos e que mostra o sorprendente nacemento dun polbo e a súa capacidade de camuflaxe nada máis nacer, superou o millón e medio de reproducións.



Fonte: El Español

O 'monstro' das cloacas de Londres acaba nun museo

'Fatberg' é un subproduto nado literalmente baixo os nosos pés alimentado por todo o que arroxamos polo desaugadoiro da cociña ou pola cunca do váter.

Os desatascadores deron a voz de alarma ao atoparse cun "tapón" monumental na rede de sumidoiros no leste de Londres. A mole viscosa de Fatberg, tan sólida como un bloque de cemento, estendíase ao longo de 250 metros (6 metros máis que a ponte da Torre de Londres) e pesaba unhas 130 toneladas (o equivalente a once autobuses de dous pisos).

Na súa maior parte foi reciclado, con todo, uns cuantos anacos exhibíronse no Museo de Londres. "Quixemos preservar unha mostra da mole viscosa como vestixio da vida nas nosas cidades ao principio do século XXI", asegura Vyki Sparkes, comisaria da exposición "Fatberg!". "É [...] unha chamada aos cidadáns: estamos perante un problema de dimensión universal [...]".

Fonte: El Mundo

Sabías que...

desperdicianse 1.300 millóns de toneladas ao ano? Esta cifra supón un terzo da produción mundial. De media cada habitante desperdicia 179 kg de alimentos perfectamente sans e comestibles ao ano.

Tendemos a descartar moitos alimentos por ter un aspecto feo, pero uns tomates maduros pódense converter nunha sa e saborosa salsa de tomate caseira, unhas mazás maduras farían unha deliciosa e nutritiva compota de mazá, ... existen moitas opcións para aproveitar todos os ingredientes que pasan pola nosa cociña, pénsao dúas veces antes de descartar un alimento.

Boas Prácticas

Así funciona o municipio de Madrid que compra a enerxía que consome

O Concello de Rivas compra enerxía no mercado libre para ser independente das grandes eléctricas, é a propia administración a que adquire directamente nas poxas diarias a electricidade que consome.

O consistorio di que xa aforrou un 20% na factura e espera reducir no medio millón o gasto anual. A idea do consistorio é que todos os centros municipais e a iluminación da rúa nútrase desta enerxía a finais de 2018.

Fonte: El Diario

Neda inicia a próxima semana a repoboación de Ancos con castiñeiros

O Concello leva tempo madurando o proxecto de repoboar con especies autóctonas os montes de titularidade municipal, aínda que a idea deuse a coñecer tras os incendios do pasado ano na parroquia de Anca. O reto, restaurar o bosque autóctono, desprazando especies pirófitas.

O rexedor municipal considera necesario apostar polo castiñeiro e polo carballo por tratarse de árbores que contribúen á conservación do hábitat local e galego, ademais de por ser máis resistentes que outras especies ás chamás e non favorecer a extensión dos incendios.

Fonte: La Voz de Galicia

El Hierro 100% renovable

A central hidroeléctrica de Gorona do Vento, na Illa de El Hierro, foi capaz de cubrir a súa demanda de electricidade con enerxía 100% renovable durante 18 días consecutivos, no período entre o 25 de xaneiro e o 12 de febreiro.

A demanda eléctrica da illa cubriuse durante 1.974 horas con enerxía 100% renovable, situación que se produciu por primeira vez o 9 de agosto de 2015 e que se prolongou durante dúas horas. A xeración eléctrica de orixe renovable na illa de El Hierro proveniente desta central situouse en 2017 nos 20.234 megawatts hora (MWh), cubrindo o 46,5% da demanda, o que supón un incremento de 5,8 puntos porcentuais respecto ao ano anterior e, por tanto, establecer un novo máximo histórico.

Desde a súa entrada en funcionamento, en xullo do 2015, Gorona do Vento evitou a emisión de preto de 30.000 toneladas de CO₂.

Fonte: Ecoticias

Axenda Ambiental

- 20/02/2018 Convocatoria Climate-KIC Start-Up Accelerator.
- Ata 28/03/2018 Ilustraciencia5: Exposición da 5ª edición do Premio Internacional de Ilustración Científica e Naturalista. CEIDA, Oleiros.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal